

AS OPERACIÓNS DE REESTRUCTURACIÓN EMPRESARIAL EN GALICIA NO MARCO DO RÉXIME FISCAL ESPECIAL

MARÍA MILAGROS SIEIRO CONSTELA
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade da Coruña

Recibido: 12 de marzo de 2002

Aceptado: 18 de setembro de 2003

Resumo: As operacións de reestructuración empresarial están fortemente condicionadas pola súa fiscalidade. A importancia das plusvalías que poden poñerse de manifesto con ocasión da súa realización fan do factor fiscal un aspecto central. Unicamente a configuración dun réxime especial con fundamento na neutralidade impositiva podería resultar coherente coas esixencias da internacionalización económica. Este proceso, unido á confianza que outorga un marco normativo comunitario, e a súa lectura flexible pola norma interna española de adaptación explican a súa crecente utilización nos últimos dez anos. As empresas galegas non permaneceron alleas a esta realidade. O seu comportamento neste período axústase a determinadas pautas: un equilibrio cada vez máis apreciable entre as operacións de “concentración” e “reorganización” empresarial, acompañado dunha evolución crecente que ten como punto de inflexión o ano 1996.

Palabras clave: Concentración empresarial / Reorganización empresarial / Neutralidade / Plusvalías / Grupos multinacionais.

THE BUSINESS RESTRUCTURING OPERATIONS IN GALICIA, WITHIN THE FRAMEWORK OF DE SPECIAL TAXATION REGIME

Abstract: The business restructuring operations are strongly conditioned by their taxation. The importance of capital gains tax demonstrates that the taxation factor becomes a central aspect. Only the configuration of a special regime, based on neutral taxes, can be coherent with the demands of economic internationalisation. This process, in conjunction with the confidence given by a common framework of regulations and a flexible interpretation undertaken by the spanish internal regulation of adaption, explains its increasing use in the last ten tears. Gallician businesses are aware of this reality. Their behaviour during this period fits predetermined guidelines: an appreciable equilibrium between business “concentration” and “reorganisation” accompanied by an increasing evolution with 1996 as the starting point.

Keywords: Business concentration / Business reorganisation / Neutrality / Capital gains / Multi-national company.

1. ORIXE E MARCO NORMATIVO DO RÉXIME FISCAL ESPECIAL

O réxime fiscal especial das operacións de reestructuración empresarial¹ ten a súa orixe nunha disposición comunitaria: a Directiva do Consello 90/434/CEE, de

¹ Para os efectos didácticos diferenciaremos, baixo esta categoría xenérica de “reestructuración”, entre operacións de “concentración empresarial”, entendidas como aquelas a través das cales un grupo, definido en función de vínculos xurídicos de control, incrementa a súa dimensión, e as operacións de “reorganización empresarial”, concibidas como aquelas tendentes a reorienta-la ordenación patrimonial do grupo xa existente, tipoloxía na que poderíamos englobar operacións como a separación de actividades, de socios ou desprazamentos patrimoniais de titularidade individual a formas xurídicas societarias.

23 de xullo, relativa ó réxime fiscal común aplicable ás fusións, ás escisións, ás achegas de activos e ós trocos de accións entre sociedades de diferentes estados membros. A súa orixe atópase, ó igual cá directiva “matrices-filiais”, no Programa de harmonización fiscal presentado pola Comisión ó Consello o 8 de febreiro de 1967 no que, entre as propostas tendentes a harmonizar a imposición directa entre os países membros, sinalaba entre as medidas que cumpría adoptar antes do 1 de xullo de 1968 as concernentes á reestructuración e á concentración de empresas, nas que incluía a necesidade de establecer un réxime fiscal favorable ás fusións e ás achegas realizadas entre sociedades de diferentes estados membros. Este programa foi obxecto dunha exposición máis polo miúdo no Programa de harmonización dos impostos directos presentado como comunicación da Comisión ó Consello o 26 de xuño de 1967, referíndose, entre outras cuestións, ás medidas necesarias para o desenvolvemento das empresas comunitarias e indicando a necesidade de supresión dos atrancos fiscais ás operacións de concentración que lles permitan ás empresas adaptarse ás dimensións do mercado común e conseguir que estas sexan competitivas nun plano mundial. De acordo con estes traballos, a Comisión presentou ó Consello o 16 de xaneiro de 1969 a *Proposta de directiva do Consello relativa ó réxime fiscal común aplicable ás fusións, ás escisións e ás achegas de activos efectuadas entre sociedades de estados membros diferentes*.

Con posterioridade, o Consello dirixiulle o 18 de febreiro de 1969 ó Comité Económico e Social unha petición de dictame sobre a dita proposta que foi elaborado o 26 de xuño de 1969 e, posteriormente, o Parlamento Europeo elaborou unha resolución sobre esta o 9 de abril de 1970. Desde esta data e ata a Directiva de 1990, a Comisión sinaláralle en varias ocasións ó Consello a necesidade da súa adopción. A última delas que, precisamente, constitúe neste sentido o impulso definitivo é a comunicación da Comisión ó Consello e ó Parlamento Europeo de 20 de abril de 1990, na que se advirte a urxencia de adoptalo paquete de propostas de fusións, matrices e filiais, e procedemento arbitral².

A incorporación desta disposición comunitaria ó ordenamento interno español ten lugar a través da Lei 29/91, de 16 de decembro, de adecuación de determinados conceptos impositivos ás directivas e regulamentos da Comunidade Europea, e máis concretamente mediante o título I “Fusións, escisións, achegas de activos e trocos de valores” deste texto legal. Actualmente, esta regulación atópase contida no capítulo VIII do título VIII “Réximes tributarios especiais” e na disposición adicional primeira da Lei 43/1995, de 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Non obstante, este marco especial non se configura como o único escenario de tributación das operacións de reestructuración empresarial, senón que convive no

² Existe unha proposta de modificación da Directiva 90/434/CEE: “Proposta de directiva do Consello pola que se modifica a Directiva 90/434/CEE relativa ó réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, achegas de activos e trocos de accións realizadas entre sociedades de diferentes estados membros” (DOCE, de 20 de agosto de 1993).

seo da normativa española co réxime xeral que supón integrar na base imponible da entidade transmisora a diferenza entre o valor normal de mercado dos elementos transmitidos e o seu valor neto contable³.

Con anterioridade á comentada adaptación ó marco comunitario, en España existían dous réximes fiscais para as fusións: o xeral⁴, de excesiva dureza e que practicamente facía inviables as fusións pola carga fiscal que supoñían, e o especial das fusións fiscalmente protexidas⁵. Esta regulación “especial” establecía un réxime de exención selectiva. O principio fundamental era a suxeición a gravame das plusvalías ou incrementos de patrimonio derivados de calquera fusión. Non obstante, cando se tratase de fusións que, sen implicar restriccións á libre concorrencia, mellorasen a estrutura productiva ou organizativa das empresas que se integrasen en beneficio da economía nacional, o tratamento era de exención parcial. A belixerancia era, polo tanto, dobre, pois aínda dentro deste grupo selecto de fusións a exención fiscal podía oscilar entre o 1 e o 99%, segundo a valoración outorgada no correspondente expediente administrativo.

2. FUNDAMENTO E CONTIDO DO RÉXIME FISCAL ESPECIAL

A necesidade dun marco fiscal específico xorde a partir da constatación dunha dobre realidade: por un lado, as operacións representativas da reestructuración empresarial efectuadas entre empresas situadas en diferentes estados membros da Unión Europea poden ser necesarias para crear condicións análogas ás dun mercado interior, garantindo o seu establecemento e bo funcionamento, de forma que se adapten ás esixencias do mercado común, aumenten a súa produtividade e reforcen a súa posición de competitividade no plano internacional; por outra parte, as disposicións de orde fiscal carecían de neutralidade en canto penalizaban as ditas operacións en relación coas de sociedades dun mesmo estado membro (considerando primeiro da Directiva 90/434/CEE).

A construción baséase no principio de neutralidade en canto se pretende que nin obstaculice nin incentive as operacións de reestructuración empresarial, de forma que a súa execución non orixine carga tributaria ou beneficio fiscal ningún. Neste sentido, a neutralidade concrétase en tres principios básicos:

- Diferimento na tributación. As plusvalías postas de manifesto con ocasión das operacións mencionadas, non incluídas na base imponible da entidade transmisora

³ Para tal efecto, o artigo 98.2 da Lei 43/1995 establece que “poderá renunciarse ó réxime establecido [...] mediante a integración na base imponible das rendas derivadas da transmisión da totalidade ou de parte dos elementos patrimoniais”.

⁴ Contido na Lei 61/1978, de 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

⁵ Contido na Lei 76/1980, de 26 de decembro, e no Real decreto 2182/1981, de 24 de xullo.

ra ou contribuínte no momento da súa realización, serán sometidas a gravame na sede da entidade adquirente no suposto dunha ulterior transmisión por parte desta. Este diferimento tamén se prevé para os socios, persoas físicas ou xurídicas, que realizan una operación de permuta: entregan os seus títulos representativos da participación no capital da sociedade absorbida, escindida ou dominada, recibindo títulos representativos da participación na sociedade absorbente, adquirente ou dominante do patrimonio escindido. A tributación das plusvalías derivadas da permuta ou troco de títulos queda igualmente aprazada, estando facultados os estados membros para “*gravar o beneficio resultante da ulterior cesión dos títulos recibidos da mesma forma en que se gravaría o beneficio resultante da cesión de títulos antes da atribución*” (segundo parágrafo do artigo 8.2 da Directiva 90/434/CEE).

- Continuidade na valoración. Os bens ou dereitos transmitidos ou achegados, así como os títulos recibidos, conservan para os efectos fiscais os valores orixinais, computando sobre eles os gastos que se deriven da súa utilización polo adquirente. A directiva establece que a determinación das correccións valorativas e, de se-lo caso, das variacións patrimoniais se efectúe “*nas mesmas condicións en que o realizarían a ou as sociedades transmisoras de non levarse a cabo a fusión ou escisión*” (artigo 4.2 da Directiva 90/434/CEE). En definitiva, a disposición comunitaria non establece unicamente o mantemento da valoración orixinaria senón que impón a continuidade nos criterios de determinación dos resultados fiscais derivados da súa utilización ou alleamento. Non obstante, a principal manifestación da aplicación do principio de continuidade atópase na posibilidade que a norma comunitaria lles outorga ós estados membros para que nas súas disposicións de incorporación permitan que a sociedade beneficiaria asuma as perdas da sociedade transmisora aínda non amortizadas desde o punto de vista fiscal⁶.
- Autonomía respecto do réxime contable. A permanencia dos valores contables previos ás operacións de reestructuración empresarial unicamente inmoviliza os valores para os efectos fiscais indicados. Na sociedade adquirente dos bens as revalorizacións contabilizadas teñen, de se-lo caso, plena efectividade patrimonial no balance e na determinación do resultado contable, pero ningunha efectividade fiscal para determina-la base imponible do imposto.

⁶ A norma española –artigo 104.3 da Lei 43/1995– admite esta posibilidade. Non obstante, límitaa en dous supostos: primeiro, baixo o suposto de entidade adquirente e transmisora pertencente ó mesmo grupo en termos do artigo 42 do Código de comercio, a base imponible negativa reducirase no importe da diferenza positiva entre o valor das achegas dos socios e o seu valor contable; segundo, en ningún caso serán compensables as bases impositivas negativas correspondentes ás perdas sufridas pola entidade transmisora que motivara a depreciación da participación da entidade adquirente. En ámbolos dous supostos o que se pretende é evitar un dobre aproveitamento das perdas para os efectos fiscais.

3. TIPOLOXÍA DAS OPERACIÓNS PROTEXIDAS FISCALMENTE

O ámbito obxectivo de aplicación da directiva, delimitado polo artigo 1, resulta o suficientemente amplo pois, cando enumera as operacións de fusión, escisión, achegas de activos e de troco de accións, permite encaixar calquera operación de reestructuración empresarial realizada na práctica. Baseándonos na regulación contida na normativa reguladora da imposición societaria, podemos diferenciar as seguintes operacións:

- Fusión por absorción (I). Definida a partir dos elementos típicos que a caracterizan: transmisión en bloque da totalidade do patrimonio social a outra entidade xa existente, incorporación dos socios á sociedade absorbente e disolución sen liquidación das sociedades absorbidas. Unicamente cabería engadir unha nota inherente a todo proceso de fusión: a sucesión universal da adquirente en tódolos dereitos e obrigas da transmisora. Por outra parte, co obxecto de impedir a utilización do réxime fiscal para a transmisión sen tributación das participacións dos socios da sociedade absorbida máis alá do troco de valores, establécese que a compensación en metálico entregada pola sociedade absorbente non poderá exceder do 10% do valor nominal dos títulos.
- Fusión por constitución dunha nova sociedade (II). Identifícase pola existencia dunha sociedade beneficiaria, receptora dos patrimonios transmitidos a título universal, a cal se constitúe para tal efecto, prevíndose igual límite para as compensacións en efectivo.
- Fusión impropia (III). Consiste na absorción dunha entidade por outra que posúe a totalidade dos títulos representativos do seu capital social. Estamos, polo tanto, ante unha simple modalidade da fusión por absorción, cunhas peculiaridades que consisten na ausencia de ampliación de capital social por parte da absorbente e a existencia dun procedemento abreviado, derivado da supresión de determinados requisitos de carácter fundamentalmente formal⁷.
- Escisión total (IV). Defínese a partir das seguintes notas: disolución sen liquidación da sociedade que se escinde, transferencia a dúas ou máis sociedades do patrimonio social e atribución ós seus socios, conforme a unha norma proporcional, de títulos representativos do capital social das sociedades beneficiarias da achega

⁷ Trátase dunha incorporación polémica pois un sector doutrinal entende que a ausencia de ampliación de capital social impide a consideración da operación como fusión, tratándose dunha disolución e liquidación, operación que pola súa propia natureza non encaixa entre as de reorganización empresarial. O artigo 7 da disposición comunitaria insiste na aplicación do réxime fiscal no suposto de participación da beneficiaria no capital da transmisora, impondo a súa aplicación cando a porcentaxe de participación supere o 25%. Por baixo deste límite correspóndelle autonomamente a cada estado membro decidir sobre o gravame derivado da anulación da liquidación, que incidirá sobre a diferenza entre o valor normal de mercado dos elementos patrimoniais recibidos proporcionalmente atribuíble á participación e o valor contable dela, o cal tería por obxecto alcanzar unha fiscalidade coincidente con aquela que correspondería á percepción da parte de cota de liquidación social asociada á dita participación.

e, de se-lo caso, dunha compensación en diñeiro que non exceda do 10% do valor nominal dos títulos⁸.

- Escisión parcial (V). Catro trazos individualizan esta operación societaria: segregación dunha ou de varias partes do patrimonio social; a súa contribución a unha ou a varias entidades de nova creación ou xa existentes; consideración da parte ou das partes escindidas como rama de actividade⁹; redución de capital na sociedade escindida e atribución ós seus socios de valores representativos no capital da entidade ou das entidades beneficiarias en proporción ás respectivas participacións dos socios na sociedade escindida. Admite a norma, novamente, unha compensación en efectivo co referido límite.
- Achega de activos (VI). Operación pola que una sociedade, sen ser disolta, lle achega a outra sociedade a totalidade ou unha ou máis ramas da súa actividade, mediante a entrega de títulos representativos do capital social da sociedade beneficiaria da achega. A especificidade desta operación respecto da anterior reside en que non se produce una redución de capital senón unha modificación cualitativa na composición do patrimonio social, da que sae a rama achegada, incorporándose a participación correspondente na entidade beneficiaria¹⁰.
- Troco de accións (VII). Dúas son as notas diferenciadoras desta operación: por un lado, a través dela unha entidade consegue a maioría dos dereitos de voto noutra sociedade e, por outra parte, os socios da entidade dominada pasan a selo da entidade dominante. O troco pode comprender unha compensación de diñeiro que non exceda do 10% de valor nominal dos valores recibidos.

⁸ A Directiva 90/434/CEE non prevé expresamente a operación de escisión parcial entre as operacións nas que debe ser aplicado o réxime fiscal regulado naquela. Tal omisión obedece a que a escisión parcial non é unha institución xeral en tódolos estados membros e por iso tampouco aparece regulada na Sexta Directiva referente á escisión de sociedades anónimas, que só se refire a ela de forma moi tanxencial como “outra operación; asimilada á escisión”, no seu artigo 25, para preve-la aplicación analóxica da normativa relativa á escisión “cando a lexislación dun estado membro permita unha das operacións mencionadas no seu artigo 1 (escisión) sen que a sociedade escindida deixe de existir”. Esta figura, ó non recollerse expresamente na directiva, enténdese englobada na operación de “achega de activos”.

⁹ Trátase dun requisito igualmente presente na “contribución non pecuniaria”. A disposición comunitaria defínea como “o conxunto de elementos de activo e de pasivo dunha división dunha sociedade que constitúe, desde o punto de vista da organización, unha explotación autónoma, é dicir, un conxunto capaz de funcionar polos seus propios medios”. Pola súa parte, o apartado 4 do artigo 97 da Lei 43/1995, na redacción dada pola Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social defínea como “...o conxunto de elementos patrimoniais que sexan susceptibles de constituir unha unidade económica autónoma determinante dunha explotación económica, é dicir, un conxunto que funciona polos seus propios medios”. Esta nova redacción, ó suprimi-la referencia a que o conxunto patrimonial se constituíu nunha unidade económica autónoma “desde o punto de vista da organización”, induce a crer que unicamente para o adquirente ten que constituir unha rama de actividade económica.

¹⁰ A escasa atención que a regulación da achega de activos ten na directiva suscitou as críticas da doutrina. A súa causa é o feito de que a valoración das accións recibidas polo valor neto contable dos elementos patrimoniais integrantes da rama de actividade achegada poden dar lugar a unha dobre imposición, aínda que en dous suxeitos diferentes: no transmisor, desde o momento en que os títulos recibidos se valoran polo neto achegado sen ter en conta aquela plusvalía, e no adquirente, dado que os bens recibidos se valoran polo que tiñan na sociedade contribuínte con anterioridade á operación. É dicir, a dita plusvalía non se ten en conta igualmente, polo que tal plusvalía se gravará no adquirente cando se transmitan aqueles elementos, ou ben a medida en que se amortizan ó computarse fiscalmente por este concepto un gasto menor, plusvalía que resultará, así mesmo, gravada na sociedade contribuínte cando se transmitan os valores recibidos.

- Achega non pecuniaria especial¹¹ (VIII). Consiste nunha variante da definida “achega de activos”, en canto permite alcanza-lo réxime fiscal especial a determinadas operacións non pecuniarias sen a concorrencia necesaria dunha rama de actividade. Para iso cómpre que a entidade beneficiaria sexa residente en territorio español e que, unha vez efectuada, o contribuínte participe nos fondos propios da entidade que recibe a achega cando menos no 5%¹².
- Escisión parcial de valores (IX). Trátase dunha escisión parcial na que concorre como elemento diferenciador a segregación dunha parte consistente en participacións no capital doutras entidades que confiran a maioría do capital social nelas¹³.

4. AS OPERACIÓNS DE REESTRUCTURACIÓN EN GALICIA. OS DATOS¹⁴

Nas estatísticas e nas gráficas que se presentan, atendendo á tipoloxía descrita, desagregase a información das operacións de reestructuración empresarial levadas a cabo en Galicia sobre a base dos seguintes parámetros:

- Os datos refírense ó período 1992-2000, que poden desagregarse en dous subperíodos con base no marco normativo vixente: 1992-1995, baixo a vixencia do título I da Lei 29/1991, de 16 de decembro, e 1996-2000, cunha regulación que está contida no capítulo VIII do título VIII da Lei 43/1995. Aínda que ámbalas dúas disposicións son coincidentes en limita-la intervención administrativa na aplicación do réxime á esixencia dunha comunicación á Administración tributaria¹⁵, difíren, sen embargo, no alcance desta obriga. En efecto, mentres o ton imperativo do artigo 16.1 da Lei 29/1991 levaba a considerar que o seu incumprimento devíña na inaplicabilidade do réxime de diferimento, a doutrina é coincidente en interpreta-lo artigo 110 da Lei 43/1995 no sentido de que a falta de comunicación

¹¹ Trala aprobación da Lei 43/1995, o artigo 108, marco normativo básico desta operación, experimentou dúas modificacións: primeiro a través da Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, e despois mediante a Lei 24/2001, de 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, o que constitúe o seu réxime actualmente vixente.

¹² Este réxime faise extensivo ós suxeitos pasivos do IRPF, podendo consisti-la achega en elementos afectos a actividades económicas nas que a súa contabilidade se leve conforme ó Código de comercio ou en accións, debendo cumprir neste suposto uns requisitos específicos.

¹³ Se trata dunha operación incorporada ó réxime especial pola Lei 50/1998, de 30 de decembre, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

¹⁴ Fonte de información: Axencia Estatal da Administración Tributaria.

¹⁵ A diferenza do que sucedía con anterioridade, a normativa actualmente vixente –artigo 47.3 do Regulamento do imposto sobre sociedades– prevé que a comunicación da opción deberá efectuarse dentro do prazo dos tres meses seguintes á data de inscrición da escritura pública que documente a operación.

non impide a eficacia da opción exercitada polo suxeito pasivo, senón que simplemente debe ser entendida como o incumprimento dunha obriga tributaria susceptible de ser constitutiva dunha infracción tributaria simple (Díaz, 1996, pp. 821-822; López, 1992, p. 397). Non cremos, non obstante, que esta circunstancia poida afectar sensiblemente á integridade da información alimentada en función das comunicacións efectuadas polos beneficiarios das operacións de reestructuración empresarial.

- A desagregación xeográfica da información atende ás cinco demarcacións coñecidas como delegacións, nas que se organiza territorialmente a Axencia Tributaria en Galicia. A elas engádese un sexto segmento constituído polas grandes empresas definidas por un volume de facturación superior a 6 millóns de euros¹⁶, con exclusión daquelas dependentes, desde o punto de vista das competencias xestoras e inspectoras, dos servizos centrais da AEAT¹⁷.
- Por outra parte, a análise debe ter presente a desigual evolución normativa das figuras amparadas polo réxime especial. A regulación estable das operacións de fusión contrasta, sen embargo, coa constante extensión do réxime de diferimento baixo a denominación de “achegas non pecuniarias especiais” ou a recente incorporación da “escisión parcial de valores”.
- A clasificación establecida das operacións de reestructuración empresarial permite a súa división en senllas categorías. Por un lado, aquelas operacións que poden identificarse claramente cun proceso de “concentración empresarial”. As fusións nas súas tres modalidades –absorción, creación dunha nova sociedade e fusión impropia– e o troco de valores responden a esta concepción. As restantes categorías, pola contra, poden agruparse baixo a denominación xenérica de “reorganización empresarial”. Aínda que esta cualificación pode encubrir operacións de integración empresarial, estamos ante fórmulas “protexidas” fiscalmente, máis próximas a fundamentos tales como a reestructuración do grupo societario, a separación de socios ou os desprazamentos patrimoniais de titularidade individual ca a formas xurídicas societarias.


¹⁶ En termos do artigo 121 da Lei 37/1992, reguladora do imposto sobre o valor engadido.

¹⁷ A Resolución de 24 de marzo de 1992, da Axencia Estatal da Administración Tributaria, sobre organización e atribución de funcións á Inspección dos Tributos no ámbito da competencia do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria establece, no seu apartado dous, que quedarán adscritos á Oficina Nacional de Inspección (Servizos Centrais) os suxeitos pasivos nos que concurra calquera das cinco circunstancias que a continuación se mencionan e que así o acorde o director do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria: a) que exerzan as súas actividades en gran parte do territorio español, b) que presenten unha posición destacada nun sector económico, c) que tributen en réxime de tributación consolidada, d) que as operacións que realicen revistan especial importancia ou complexidade no ámbito nacional, e) que se atopen vinculados a outros obrigados tributarios xa adscritos.

Táboa 1.- Absorción (I)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	2	5	2	3	9	9	18	22	13
Outras emp. Galicia	3	5	2	3	11	14	25	33	17
TOTAL GALICIA	5	10	4	6	20	23	43	55	30
NACIONAL	77	111	117	118	244	268	399	610	590


Gráfica 1.- Absorción (I)



Táboa 2.- Fusión (II)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	1	0	1	0	0	2	1	1	1
Outras emp. Galicia	1	0	1	0	0	3	1	2	2
TOTAL GALICIA	2	0	2	0	0	5	2	3	3
NACIONAL	7	8	3	2	4	13	19	34	34

Gráfica 2.- Fusión (II)



Táboa 3.- Fusión impropia (III)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	2	9	9	8	19	9	15	16	16
Outras emp. Galicia	3	13	10	11	24	10	16	17	18
TOTAL GALICIA	5	22	19	19	43	19	31	33	34
NACIONAL	159	253	237	307	369	199	381	528	478


Gráfica 3.- Fusión impropia (III)



Táboa 4.- Escisión total (IV)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	0	0	0	7	1	5	7	7	6
Outras emp. Galicia	0	0	0	0	1	5	8	8	6
TOTAL GALICIA	0	0	0	7	2	10	15	15	12
NACIONAL	9	18	32	44	83	82	182	230	280


Gráfica 4.- Escisión total (IV)



Táboa 5.- Escisión parcial (V)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	0	0	1	8	3	5	6	6	8
Outras emp. Galicia	0	0	2	9	3	4	6	6	9
TOTAL GALICIA	0	0	3	17	6	9	12	12	17
NACIONAL	15	24	40	54	50	54	61	165	149


Gráfica 5.- Escisión parcial (V)



Táboa 6.- Achegas non pecuniarias de ramas actividade (VI)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	2	5	4	8	9	8	12	15	17
Outras emp. Galicia	2	7	4	9	10	8	12	15	18
TOTAL GALICIA	4	12	8	17	19	16	24	30	35
NACIONAL	56	91	112	155	178	81	118	244	240


Gráfica 6.- Achegas non pecuniarias de ramas actividade (VI)



Táboa 7.- Troco de valores (VII)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	1	2	3	2	13	7	17	14	24
Outras emp. Galicia	1	3	3	2	18	9	20	15	27
TOTAL GALICIA	2	5	6	4	31	16	37	29	51
NACIONAL	31	36	53	59	123	130	278	371	517

Gráfica 7.- Troco de valores (VII)




Táboa 8.- Achea non pecuniaria especial (VIII)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	0	0	0	0	2	6	20	31	20
Outras emp. Galicia	0	0	0	0	3	7	22	32	24
TOTAL GALICIA	0	0	0	0	5	13	42	63	44
NACIONAL	0	0	0	3	61	132	287	520	(*)

(*) Non se dispón do dato para este exercicio.


Gráfica 8.- Achea non pecuniaria especial (VIII)



Táboa 9.- Escisión parcial da maioría do capital noutras entidades (IX)

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
GG.EE. Galicia	0	0	0	0	0	0	0	1	0
Outras emp. Galicia	0	0	0	0	0	0	0	2	0
TOTAL GALICIA	0	0	0	0	0	0	0	3	0
NACIONAL	0	0	0	0	0	0	0	9	7

Gráfica 9.- Escisión parcial da maioría do capital noutras entidades (IX)



Táboa 10.- Evolución territorial porcentual das operacións de reestruturación empresarial en Galicia

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX
A Coruña	18,37%	17,65%	27,56%	22,95%	17,12%	23,03%	27,07%	29,34%	0,00%
Lugo	3,57%	0,00%	1,33%	4,92%	0,00%	2,43%	1,66%	5,39%	33,33%
Ourense	4,08%	5,88%	4,89%	3,28%	0,00%	4,85%	2,76%	1,80%	0,00%
Pontevedra	12,24%	23,53%	8,44%	4,92%	13,15%	12,73%	8,29%	10,18%	33,33%
Vigo	19,39%	11,76%	12,00%	9,84%	21,05%	8,48%	14,36%	5,99%	0,00%
Grandes empresas	42,35%	41,18%	45,78%	54,10%	48,68%	48,48%	45,86%	47,31%	33,33%

5. EVOLUCIÓN E COMPORTAMENTO DAS OPERACIÓNS DE REESTRUTURACIÓN EMPRESARIAL EN GALICIA

Os datos expostos permiten ofrece-la seguinte análise en relación coas operacións de reestruturación empresarial levadas a cabo polas empresas galegas no período 1992-2000:

- Desde unha perspectiva temporal, a evolución en canto ó número de operacións acollidas ó réxime fiscal especial permite identificar claramente dous períodos: 1992-1995 e 1996-2000. O 85,59% das operacións realizadas nesta Comunidade Autónoma localízanse no segundo período no que, sen lugar a dúbidas, contribuíron dous factores: a maior madurez, en termos de coñecemento e confianza, por parte das empresas no réxime fiscal especial, e a súa progresiva flexibilización e ampliación.

- Exemplo paradigmático desta situación é o suposto de “achega non pecuniario especial”. A totalidade das operacións englobadas baixo esta denominación efectúanse no intervalo 1996-2000. A súa xustificación resulta evidente: trátase dunha nova categoría que xorde coa entrada en vigor da Lei 43/1995, como acceso á “protección” fiscal de operacións que tiñan difícil ou discutible encaixe como achegas non pecuniarias de ramas de actividade. En efecto, a súa configuración normativa responde á necesidade de “obxectivizar” as achegas dúbidasas (Díaz, 1996, p. 819).
- Lixeiro predominio das operacións de “concentración” sobre as de “reorganización” empresarial. Non obstante, esta deriva –do 56,74%– é menos acentuada na Comunidade Autónoma galega do que se observa no ámbito nacional, que ascende ó 62,14%.
- Desde un punto de vista individual destaca, tanto no nivel galego coma no estatal, a “fusión impropia”. Esta operación recolle senllas variantes: a primeira encerra a vertente reorganizativa consistente en que unha sociedade matriz constitúe unha sociedade e, posteriormente, transcorridos certos exercicios, procede á súa absorción. Fronte a esta, a visión adquisitiva, que se materializa na adquisición previa do 100% do capital dunha entidade, para proceder a continuación á anulación da participación mediante o conseqüente proceso de fusión. A “fusión impropia”, baixo esta segunda variante, non pode ignorar-lo impulso que recibe en canto na adquisición da participación se puxera de manifesto un fondo de comercio financeiro¹⁸. A “consolidación” patrimonial a través do proceso de fusión permite, baixo determinadas condicións, o seu afloramento como fondo de comercio, alcanzando o estatuto de deducibilidade fiscal, vedado en canto se ampare no prezo de adquisición da participación (artigo 103 da Lei 43/1995).
- O protagonismo no marco das operacións de “reorganización” corresponde ás achegas non pecuniarias de “ramas de actividade” e “especiais”. Mentres que as primeiras presentan unha evolución máis estable ó longo do período analizado, as achegas non pecuniarias “especiais”, pola razón xa comentada, concéntranse no intervalo 1996-2000. A análise desta variante non pode descoñecer que a súa relevancia está notablemente influída pola posible aplicación polas persoas físicas. Na súa versión actualmente vixente¹⁹, permite o traspaso de elementos desde o patrimonio individual ó societario en tres supostos: conxunto de elementos constitutivos dunha rama de actividade, elementos patrimoniais afectos a unha actividade económica e participación en entidades superiores ó 5% do seu capital.

¹⁸ Determinado por diferenza entre o prezo de adquisición da participación e o valor real dos activos e pasivos da sociedade, a norma fiscal española non admite a deducibilidade da súa amortización. Non obstante, nos exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2001 admítense a dedución por vinteavas partes do fondo de comercio posto de manifesto na adquisición de participacións en entidades estranxeiras.

¹⁹ Artigo 108 da Lei 43/1995 na redacción dada pola Lei 24/2001, de 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

- No marco das operacións que esixen a concorrencia dunha “rama de actividade”, domina a “achega non pecuniaria” sobre a “escisión parcial”. Un 68,5% e un 67,6% no nivel galego e estatal, respectivamente, fronte a un 31,5% e a un 32,4%, respectivamente. Aínda que ámbalas dúas variantes poidan encubrir operacións de “reorganización” empresarial, parece que pesou máis o valor engadido da primeira –transformación dun patrimonio individual en societario– có da segunda –separación de socios ou de riscos de actividade–.
- As operacións de reestructuración empresarial realizadas en Galicia representan o 9,48% do total das realizadas en España. Por baixo da media sitúanse as operacións de fusión por absorción, fusión impropia e escisión total. Nunha tendencia contraria destacan, cun peso relativo comprendido entre o 12 e o 13%, as operacións de “escisión parcial” e de “achega non pecuniaria de rama de actividade”.
- Finalmente, en canto á súa localización xeográfica e atendendo ó domicilio fiscal da beneficiaria²⁰ da operación, pode afirmarse a elevada concentración, sempre superior ó 40%²¹, das operacións que teñen como destinataria unha empresa cun volume de facturación superior a 6 millóns de euros. O tramo sobranante é protagonizado esencialmente por empresas domiciliadas na Coruña e en Vigo.

En conclusión, pode afirmarse que as operacións de reestructuración empresarial acollidas ó réxime fiscal especial levadas a cabo polas empresas galegas presentan unhas pautas de comportamentos comúns ás que poden observarse no ámbito do Estado español: utilización crecente do réxime especial, cunha concentración maioritaria no que denominamos “segundo período”, definido pola entrada en vigor da Lei 43/1995, e equilibrio entre as operacións de “concentración” e “reorganización” empresarial destacando desde unha perspectiva individual, pola súa intensiva e crecente utilización, as operacións de “fusión impropia” e “achega non pecuniaria especial”, o que, se cadra, deixa entrever unha excesiva permisividade da adaptación española ó réxime comunitario na medida en que poida amparar, cando menos en determinados supostos, obxectivos máis próximos á planificación fiscal ca á ordenación económica.

BIBLIOGRAFÍA

ARNAU ZOROA, F. (1992): “Régimen fiscal de las fusiones, escisiones, aportaciones de ramas de actividad y canje de acciones (Derecho español Ley 29/1991 -directiva comunitaria 90/434/CEE)”, *Gaceta Fiscal*, núm. 96.

²⁰ Por entidade “beneficiaria” ha de entenderse a absorbente nos procesos de fusión e a adquirente nas restantes operacións de reestructuración empresarial.

²¹ A única excepción a esta realidade esta protagonizada pola escisión parcial de valores na que as operacións realizadas polas grandes empresas representan o 33,33%. A súa recente introducción e o seu escaso peso relativo no conxunto permiten obviar calquera consideración a este respecto.

- CASTROMIL SÁNCHEZ, F. (1991): “Directiva comunitaria sobre régimen fiscal común aplicable a las fusiones, escisiones, aportaciones de activos y canjes de acciones realizados por sociedades de diferentes Estados miembros”, *Noticias CEE*, núm. 77.
- DÍAZ YANES, I.; LÓPEZ SANTACRUZ MONTES, J.A.; TOMÉ MUGURUZA, B.; UCELAY SANZ, I. (1996): *Guía del impuesto sobre sociedades*. CISS.
- LÓPEZ SANTACRUZ MONTES, J.A. (1992): “Régimen fiscal de las fusiones, escisiones, aportaciones no dinerarias de ramas de actividad y canje de valores”, *Tribuna Fiscal*, núm. 19.
- LÓPEZ SANTACRUZ MONTES, J.A. (2000): *Operaciones de reestructuración empresarial*. (Dossier práctico). Francis Lefebvre.
- LÓPEZ TELLO, J. (1993): *Régimen fiscal de las fusiones, escisiones, aportaciones de activos y canjes de valores*. (Cuadernos de Formación. Inspección de los Tributos, núm. 20). Escuela de Hacienda Pública. Instituto de Estudios Fiscales.